



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa de Santo Adrián a Roncudo. Municipio: Malpica de Bergantiños no extremo nororiental e Ponteceso no resto. Parroquias: Santiago de Mens en Malpica de Bergantiños; San Xoán de Niñóns, a meirande parte, San Xulián de Brantuas ao sur, en Ponteceso. Extensión: 2,8 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dun corredor tectónico deprimido que constitúe un rebaixamento intenso entre dous macizos graníticos. Fórmase así unha enseada na que aparece un depósito sedimentario de praia bastante extenso que separa dúas pequenas praias cunha pequena elevación na parte central e frontal do corredor deprimido. Os dous corredores únense nunha depresión chaira traseira. E a ambos os lados desenvólvense vertentes de pendente moderada ou notable. Estas vertentes atópanse irregularizadas polas fracturas que xeran valgadas, alvéolos e relevos residuais convexos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente composta polo granito herciniano tipo Laxe, de dúas micas, de gran medio a grosso e lixeiramente orientado. Cuaternario recente nos sedimentos das praias de Niñóns e Morro e de tipo de detritos procedentes da meteorización do granito entre o lugar de Niñóns e a praia.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático cálido e húmido no que a temperatura media anual supera os 14 °C e a amplitude térmica media sitúase arredor dos 13 °C. Canto ás precipitacións, rexístranse máximos acumulados de 1400 mm e sen baixar de 1200 mm por ano.

OS SOLOS

Solos bastante pouco evolucionados. Case toda a unidade presenta cambisoles dístricos, agás no monte do Faro, sudeste da unidade, e no aliñamento monte Asalo-monte Nariga, no nordeste, onde aparecen leptosoles líticos aínda máis pobres.


AS AUGAS

A rede hidrográfica componse de regatos artellados arredor do corredor tectónico que desembocan nas praias de Niñóns e Morro, incluídas dentro da masa de augas costeiras 20134, ao sur de punta Nariga.

O PATRIMONIO NATURAL

Parte costeira incluída no LIC Costa da Morte. Zona incluída no inventario de Zonas de Importancia para as Aves (IBA), na zona da Costa da Morte. É unha fronte mixta que desenvolve, como hábitat principal, o hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos, mais no que adquiren importancia plataformas e coídos que engaden o 1210 Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. A amplitude do intermareal da praia de Niñóns permite o desenvolvemento do hábitat 1140 Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertas de auga na baixamar. No continente aparecen os hábitats de matogueira aparecen nas vertentes: o 4030 Breixeiras secas europeas e o 4040 Breixeiras secas atlánticas costeiras con Erica vagans. Tamén cómpre salientar, no estreito val que ascende cara a Niñóns, algunha mouteira de frondosas relacionada coa presenza da auga (91E0). Así mesmo, nas partes altas das ladeiras pode aparecer algunha área hidromorfa en valgada.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O centro da unidade aparece dominado por terras de labradío xa que é neste espazo onde as condicións topográficas e edáficas son máis favorables para o desenvolvemento de actividades agrícolas.

Nos dous costados deste val aparecen áreas ocupadas por bosques mixtos de caducifolias e frondosas xunta parcelas destinadas ao monocultivo de especies forestais. Alternando con estes espazos boscosos aparecen claros tapizados de matogueira que, en ocasións, poden acadar unha dimensión considerable. Na fronte costeira aparecen pequenos cantís entre os que se insiren as praias de Niñóns e Morro, cuxo areal se prolonga cara ao interior a través dun cordón dunar cuberto de vexetación halófila e rodeado de masas vexetais costeiras.

MORFOLOXÍA

O reducido tamaño das explotacións e a súa disposición irregular exemplifica a morfoloxía das explotacións asociadas ao minifundio. Este modelo de aproveitamento do solo esténdese ás zonas adxacentes onde aínda se percibe a estrutura asociada a antigos aproveitamentos. Asociados ao núcleo de Niñóns aparecen, dentro da unidade, unha serie de vivendas espaxadas arredor da estrada rural que discorre polo espazo agrícola.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Dende a CP-6801 parten dúas estradas rurais que unen o núcleo de Niñóns co monte Meán e a praia de Niñóns. Presentan unha estrutura rectilínea a partir da que se debuxan unha serie de camiños e carreiros que permiten o desprazamento por toda a unidade.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Este espazo litoral leva ocupado dende antigo tal e como amosan os numerosos restos arqueolóxicos coma o castro de Niñóns, a cazoleta de monte Faro ou a mámoa do Fuso da Moura. O patrimonio civil e relixioso tamén ten presenza na unidade en forma de fontes (san Xoán de Niñóns) e cruceiros coma o de Pateleiro. Ademais destes elementos salienta, pola súa singularidade, a igrexa parroquial de san Xoán de Niñóns.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A configuración da unidade reflicte a súa localización entre dous saíntes rochosos (punta de Santa Mariña e punta Queimada) ao fondo da enseada de Niñóns. Esta situación de abeiro facilitou a evolución dunha paisaxe costeira arredor do areal de Niñóns, que funciona como elemento director da escena canda o pequeno val central que conecta o interior co litoral. Neste espazo central concéntranse as actividades de maior dinamismo relacionadas fundamentalmente coa agricultura, mentres que nas ladeiras adxacentes danse procesos máis estáticos ligados principalmente ás actividades agroforestais.

DINÁMICA DA PAISAXE



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As características da paisaxe, a súa textura, os elementos que a compoñen e a súa situación á beira do mar crean, no seu conxunto, unha escena de gran calidade. Este val, situado entre os montes Asalo e Faro, confórmase como un corredor de gran valor ecolóxico e cultural que dá paso a un espazo natural aberto ao Atlántico na praia e enseada de Niñóns. Para a observación da unidade propóñense dous puntos de observación situados na praia de Niñóns e no monte Asalo.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



